



FERVENZA DO CASTELIGO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 1 km
Dificultade: media
Duración: 30 minutos



Na parroquia de Casteligo, no concello de Chandrexa de Queixa.

O río de Casteligo ou Dorelle, afluente do Navea encáixase nun pequeno canón con pozas e rápidos e pouco antes de desembocar no Navea forma unha fermosa ferverza entre rochas graníticas. Está rodeada de bidueiros, amieiras, salgueiros e rebolos.

COMO CHEGAR:

Na estrada que vai de Chandrexa de Queixa a Pobra de Trives, antes de Chao, crúzase o río e pódese seguir o seu curso. A ferverza vese desde a estrada antes de chegar ao encoro de Chandrexa de Queixa. Un pequeno carreiro permítenos achegarnos.

